

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E A FUNDACIÓN JUANA DE VEGA PARA A FINANCIACIÓN DA COORDINACIÓN DOS POLOS DE DE EMPRENDEMENTO RURAL, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

REUNIDOS

Dunha banda, M^a Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Emprego e Igualdade, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, a Fundación Juana de Vega (en adiante, a Fundación), e no seu nome e representación D. Enrique Sáez Ponte, con DNI 32352569X, en calidade de presidente da mesma segundo nomeamento efectuado pola Xunta de Padroado o 13 de xuño de 2003, debidamente inscrito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia con data 1 de xullo do mesmo ano, co nº 58, con CIF G-15050602, e con domicilio na Rúa Salvador Allende, 92, 15176 San Pedro de Nós - Oleiros.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- A Fundación Juana de Vega é unha entidade privada sen fins lucrativos que ten por obxecto estatutario promover, mediante as iniciativas que estime precisas, por si soa ou en colaboración con persoas ou entidades públicas e privadas, o coñecemento, a conservación e o desenvolvemento do medio rural de Galicia, con especial dedicación



á formación da súa poboación activa, á preservación do seu entorno natural e humano e á mellora da súa base económica e das actividades con ela relacionadas.

No marco do seu obxecto social de carácter non lucrativo a Fundación ten realizado actividades relacionadas co apoio ao emprendemento, especificamente no sector agroalimentario, incluído o turismo e a pesca e outros sectores derivados no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, como foi o "Programa de apoio a empresas agroalimentarias", que se puxo en marcha no ano 2012.

Segundo.- A Fundación ten unha ampla experiencia e coñecemento dos sectores produtivos de Galicia e da súa realidade territorial, froito de diversos traballos e colaboracións coa Administración Autonómica para a elaboración de plans de dinamización, estratexias e estudos socio económicos dos espazos rurais de Galicia, entre os que cabe subliñar entre outros a Estratexia de Dinamización, Económica, Territorial e Turística das Comarcas Vitivinícolas de Galicia; o deseño da Infraestrutura Verde da Área Metropolitana de A Coruña; a elaboración do Plan de Xestión da Paisaxe Cultural da Ribeira Sacra como parte da documentación da candidatura a Patrimonio Mundial da UNESCO; ou a elaboración de Plans de Sostibilidade Turística na Ribeira Sacra, Ourense Termal, da Mariña Lucense, e do Camiño Francés en Galicia.

Todos estes proxectos teñen como característica común a realización dunha ampla caracterización e análise dos sectores económicos presentes nos territorios, a súa contribución ao PIB, a súa especialización produtiva, o emprego xerado en cada sector, as taxas de auto contención laboral en cada concello, así como as dinámicas demográficas presentes nos diferentes ámbitos territoriais, entre outras variables socio-económicas.

Terceiro.- O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 29, atribúelle á Comunidade Autónoma, en concordancia co artigo 149.1.7ª da Constitución española, a competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, funcións e servizos correspondentes a este ámbito.

Cuarto.- A Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social ten entre outras, competencias en materia de fomento do emprego, traballo autónomo, cooperativas e economía social e



apoió á integración laboral das persoas con discapacidade ou en situación de vulnerabilidade. Tamén lle corresponde desenvolver as funcións atribuídas á consellería en materia de fomento do emprego en colaboración coas administracións e institucións públicas e con entidades sen ánimo de lucro.

Quinto.- O Consello Europeo aprobou o pasado 21 de xullo de 2020 o instrumento financeiro Next Generation EU, que inclúe como elemento central, un Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR) cuxa finalidade é apoiar o investimento e as reformas nos estados membros para lograr unha recuperación sostible e resiliente, permitindo levar a cabo reformas tanto a nivel nacional como en cogobernanza coas comunidades autónomas con competencias transferidas.

En liña co anterior, o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021 aprobou o proxecto de Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para España e este foi aprobado pola Comisión Europea o 16 de xuño de 2021.

Sexto.- Unha das políticas panca do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (VIII) trata de deseñar unha nova política dos cuidados e do emprego e, en concreto o compoñente 23 do Plan, refírese a conseguir que as políticas públicas de emprego permitan avanzar nun mercado de traballo dinámico, resiliente e inclusivo, dando impulso ás ditas Políticas Activas de Emprego.

Sétimo.- O Consello de Ministros, na súa reunión do 6 de xullo de 2021, autorizou os criterios de distribución de fondos para o exercicio 2021, dos créditos xestionados polas comunidades autónomas con competencias estatutariamente asumidas no ámbito de políticas activas de emprego para o financiamento de proxectos de investimento no marco, entre outros, do compoñente 23 "*Nuevas Políticas Públicas para un mercado de traballo dinámico, resiliente e inclusivo*".

Unha das actuacións que corresponde levar a cabo ás Comunidades Autónomas, dentro do dito compoñente 23 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, é a de desenvolver proxectos territoriais que aborden o reto demográfico e faciliten a



transformación produtiva, en particular cara unha economía verde e dixital, promovendo a creación de emprego que contribúa a fixar poboación no ámbito rural e nos seus pequenos municipios, dinamizadores do desenvolvemento local sostible.

Oitavo.- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social ou económico. No mesmo senso, exprésase o artigo 36.c do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei. Por outra parte, o artigo 40.1 do mesmo decreto posibilita a concesión de subvencións directas mediante convenio, nos casos en que se acrediten razóns de interese público, social ou económico.

Noveno.- Dado o carácter singular das actuacións que se van desenvolver en base a razóns de interese social e ao interese prioritario de establecer unha colaboración o máis estreita posible entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Fundación Juana de Vega para o desenvolvemento dalgunhas das medidas previstas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que corresponde executar á Comunidade Autónoma de Galicia, estímase xustificada a non procedencia de promover a concorrencia pública para os efectos da subscripción deste convenio pois a Fundación resulta un axente idóneo, tanto pola súa acreditada experiencia no eido do emprendemento e da formación, como polo amplo coñecemento da realidade socio-económica dos espazos rurais de Galicia, para a realización do obxecto deste convenio.

A Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, establece no seu artigo 67 que, para os expedientes de gasto financiados con fondos do mecanismo de recuperación, no caso de que a súa tramitación se inicie no exercicio corrente pero a súa execución orzamentaria non vaia ter lugar ata o exercicio seguinte ou outros exercicios posteriores, será posible a súa tramitación anticipada ao longo do dito exercicio, e poderá chegar ata a fase de formalización do compromiso de gasto no exercicio corrente.

Décimo.- En virtude do anterior, e acreditado que a Fundación Juana de Vega cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario, segundo o artigo 10



da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ambas as dúas partes acordan subscribir o presente convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a concesión dunha axuda por parte da Consellería de Emprego e Igualdade á Fundación Juana de Vega, cara ao financiamento da coordinación dos polos de emprendemento rural e da propia rede de polos de emprendemento que se constituirá, coa finalidade de impulsar a xeneración de emprego no medio rural, a través de fórmulas de economía social e micro-empredemento vinculados aos retos e oportunidades do territorio rural e a despoboación.

Os polos de emprendemento vanse nas doce áreas definidas no PDR 2014-2020 de Galicia, que deseguido se relacionan:

1. As Marñas
2. Costa da morte
3. Depresións Ourensáns e Terras do Sil
4. Lugo Central
5. Lugo Sur
6. Miño Central
7. Montaña Lucense
8. Pontevedra Leste e Sur
9. Pontevedra Norte e Rías Baixas
10. Rías Altas e Arco Atlántico
11. Terras de Santiago
12. Valdeorras





O ámbito provincial, comarcal e os concellos concernidos, inclúense no Anexo ao Convenio.

Os ditos Polos definiríanse como centros de conexión de emprendemento social e autónomo no medio rural, que perseguen os obxectivos seguintes:

- A creación de emprego de calidade no medio rural a través de fórmulas de emprendemento social e autónomo.
- A fixación de emprego no medio rural para evitar o éxodo ás cidades urbanas.
- Conseguir unha efectiva igualdade de xénero no emprendemento feminino
- A creación de polos emprendedores/de emprendemento no medio rural aliñados cos ODS
- A modernización do medio rural a través da implantación de medidas innovadoras

Os Polos de Emprendemento, no relativo aos centros nos que se empracen contarán cun espazo multidisciplinar no que se desenvolverá o asesoramento, formación para grupos pequenos, traballo compartido, e equipamento informático e audiovisual.

Con esta colaboración garántese un mellor cumprimento dos fins de ambas as dúas entidades en beneficio da cidadanía e da sociedade galega, xa que a promoción de iniciativas económicas no medio rural favorece a loita contra a despoboación, e o envellecemento poboacional, a igualdade e un acceso equitativo aos servizos, tal e como se recolle no expoñente sexto deste convenio.

Segunda.- Compromisos das partes

A Fundación comprométese a a utilizar os medios materiais e persoais cos que conta que resulten necesarios para desenvolver o obxecto do convenio , ademais dos coñecementos e experiencia previa para o deseño, organización e desenvolvemento da coordinación dos polos de emprendemento, apoiando accións e iniciativas innovadoras, coa finalidade de deseñar e de levar a cabo un programa específico adaptado aos requirimentos dos fondos do mecanismo de recuperación e resiliencia.





A Fundación deberá contar cun mínimo de dúas persoas con dedicación a tempo completo e coa cualificación e experiencia necesarias para o desenvolvemento das actividades sinaladas na cláusula cuarta e a consecución do obxecto do convenio.

A Consellería de Emprego e Igualdade, colaborará no financiamento dos gastos derivados da coordinación dos polos de emprendemento de conformidade co establecido na cláusula quinta.

Terceira.- Marco normativo de aplicación ao Convenio relativo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O marco normativo básico reitor deste instrumento no relativo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next Generation, ven representado polas seguintes disposicións:

Regulamento (UE) 2020/2094, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da UE para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19

Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR)

Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) de España (aprobado o 16/06/2021 por Decisión do Consello de Europa)

Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR

Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia

Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR

Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Au-





tonómico y Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR.

Cuarta.- Actividades a desenvolver

A Fundación e a Consellería de Emprego e Igualdade facilitarán ás persoas emprendedoras un apoio integral que se concretará a través das seguintes actuacións que levará a cabo a Fundación:

- a) A coordinación dos Programa de formación-incubación dirixidos a emprendedores/as con ideas e proxectos capaces de dar resposta a desafíos de desenvolvemento social, económico e tecnolóxico no seu territorio e xerar novas fontes de riqueza e de emprego que se desenvolvan en todos os polos de emprendemento.
- b) A coordinación dos Programas de mentorización desenvolto en todos os polos de emprendemento para acompañar ás persoas emprendedoras, impulsando os seus proxectos e reforzando carencias ou oportunidades de mellora. Analizaranse, entre outros, os seguintes aspectos: deseño do modelo de negocio, viabilidade financeira, estratexias de marketing e comunicación ou crecemento persoal.
- c) A coordinación relativa ao Networking, ao crearse no territorio unha rede de intercambio de coñecementos e experiencias, que dan lugar a sinerxias de colaboración e axuda mutua entre emprendedores/as, promovendo o empoderamento, a valorización do rural, a innovación, sostibilidade e compromiso co territorio.
- d) A coordinación da procura de apoio e prestación de asesoramento para a busca de recursos de financiamento, tanto públicos como privados, para o desenvolvemento dos proxectos emprendedores en todos os polos de emprendemento.

Os gastos deberán estar realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 15 de novembro de 2022. En ningún caso o seu custo poderá ser superior ao valor de mercado.





Quinta.- Financiamento e Gastos subvencionables

A Consellería de Emprego e Igualdade achegará a cantidade total de cento vinte e mil euros (120.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 11.04.322C.481.12 (código de proxecto 202200085 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 para o financiamento do obxecto do Convenio e no marco do *"Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU"*.

O presente convenio tramítase ao abeiro do disposto no artigo 25 do Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia e no artigo 1.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expediente de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, modificada pola Orde do 25 de outubro de 2001, polo que queda a concesión das subvencións sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión; igualmente, todos os actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que foron producidos os ditos actos. .

Respecto dos gastos subvencionables consideraranse como tales os que, sen admitir dúbida, respondan á natureza das actividades que está previsto desenvolver recollidas na cláusula cuarta, entre eles:

- Custes de persoal.
- Actuacións de difusión e comunicación.
- Gastos de coordinación, xestión e estrutura necesarios para a execución das actividades; así como, de ser o caso, os gastos de acondicionamento dos espazos necesarios para o desenvolvemento do obxecto do convenio.
- Aqueles outros gastos correntes que orixine a realización das actividades previstas no convenio (formación, desprazamentos, mentorizacións, servizos profesionais, etc.).



Sexta.- Xustificación e pagamento

A Fundación deberá presentar toda a documentación xustificativa das actuacións realizadas coa data límite do 1 de decembro de 2022. Toda a documentación incluída na xustificación presentarse por vía telemática, de acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A Fundación xustificará a totalidade da contribución efectuada pola Consellería de Emprego e Igualdade, mediante os seguintes documentos:

a) Certificación expedida polo órgano da entidade que teña atribuídas as facultades de control do cumprimento da finalidade do convenio suscrito e da aplicación dos fondos destinados a tal efecto que inclúa unha relación detallada dos gastos realizados, con identificación do acredor/a e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento, acompañada das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, así como dos documentos acreditativos dos gastos efectivamente pagados antes da finalización do período de xustificación.

No caso de non achegarse os orixinais, acompañarase unha declaración asinada polo órgano competente da entidade indicando que as facturas orixinais están en poder da entidade.

A xustificación do pagamento dos gastos subvencionables deberá acreditarse mediante transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario, nos que deberá quedar claramente identificados o/a receptor/a e o emisor/a do pagamento. Non se admiten os pagos en efectivo.

Para o suposto de que os gastos que se xustifiquen fosen inferiores á financiación estipulada por parte da Consellería de Emprego e Igualdade, diminuírase do pagamento a parte non xustificada.

b) Declaración complementaria do conxunto de axudas, ingresos ou recursos percibidos, de ser o caso, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados,



estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais para financiar as mesmas actuacións previstas no convenio.

c) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

d) Memoria de actuación con indicación das actividades realizadas, número de persoas participantes en cada unha delas (como mínimo desagregado por sexo e idade) e un resumo global dos resultados obtidos. A dita memoria entregárase tamén en formato editable.

Unha vez comprobada a realización das actuacións previstas no convenio, expedirase certificado acreditativo da verificación realizada e tramitarase o pagamento.

Se o importe xustificado fose menor ao previsto na cláusula quinta deste convenio e sempre que se cumpra coa finalidade inicialmente prevista, procederá o pagamento na contía que sexa obxecto de xustificación.

A Consellería de Emprego e Igualdade resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

Sétima .- Pagamentos a conta

Poderanse realizar pagamentos a conta por un importe de ata o 80% do importe do convenio conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo da execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada.

De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en



relación cos artigos 62.3 e 67 do mesmo corpo legal, a Fundación queda exonerada da constitución de garantías.

Oitava.- Obrigas das partes

A Fundación está obrigada a:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula cuarta deste convenio e que constitúen o seu obxecto, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade prevista .
- Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Consellería de Emprego e Igualdade e facer constar expresamente en toda publicidade ou presentación pública que se realice o logotipo da Xunta de Galicia, e demais logotipos estipulados pola Comunidade Autónoma de Galicia, ou o Estado). Singularmente e atendendo ao seu financiamento, resulta aplicable o artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241 conforme ao cal os *perceptores de fondos da Unión farán mención da orixe desta financiación e velarán por darlle visibilidade, incluído, cando proceda, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiación adecuada que indique "financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU", en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.*
- Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias á Administración e á Seguridade Social correspondentes ás accións das que se derive o pagamento de impostos, retencións e cotas que conlevan as actuacións derivadas da execución do convenio.
- Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma e da Consellería de Emprego e Igualdade.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.



- A concesión da axuda verase condicionada ao compromiso escrito da concesión dos dereitos e accesos necesarios para garantir que a Comisión, a Oficina Europea de Loita contra a Fraude, o Tribunal de Contas Europeo, a Fiscalía Europea e as autoridades nacionais competentes exerzan as súas competencias de control, de acordo co previsto ni artigo 22.2.e) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro do 2021, e no artigo 129.1 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018 («Regulamento Financeiro»).
- Conservar a documentación xustificativa da aplicación dos fondos percibidos durante un período de 5 anos a partir do pago do saldo ou, a falta deste pago, da operación (ar-tigo 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241, que remite ao respecto ao disposto no ar-tigo 132 do Regulamento Financeiro).
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10, 11 e 13 do Regulamento da citada lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Reintegrar a contía percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas no convenio para a súa percepción.
- Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta ao obxecto do presente convenio. Así mesmo queda obrigada a manter de forma confidencial e a non revelar ningún dato da información coñecida sen o consentimento previo da Consellería de Emprego e Igualdade.
- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

De acordo co previsto no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, aprobado polo Consello de Ministros o 27 de abril de 2021 e no Regulamento (UE) número





2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, en todas as fases do deseño e execución dos proxectos, a administración comprométese a garantir o cumprimento do principio de "non causar dano significativo" (principio "do no significant harm – DNSH") e o relativo a etiquetaxe verde e dixital.

En relación co cumprimento do principio de "non causar dano significativo", o beneficiario da subvención deberá achegar unha declaración responsable segundo o modelo do cuestionario de autoevaluación que se atopa no seguinte enderezo do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o reto demográfico: https://www.miteco.gob.es/es/ministerio/recuperacion-transformacion-resiliencia/transicion-verde/cuestionariodnshmitecov20_tcm30-529213.pdf, e seguindo ás directrices recollidas na Comunicación da Comisión Europea (2021/ C 58/01), «Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia» .

A Consellería de Emprego e Igualdade comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas polo importe establecido na cláusula quinta.

Asimismo, en orde a dar cumprimento a obriga de prevención, detección e persecución da fraude, a corrupción e o conflito de intereses como refire o artigo 6 da Orde HFP/1030/2021 conforme ao previsto no artigo 22 do Regulamento (UE) 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro do 2021, en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión Europea, sublíñase a existencia da canle de denuncias do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA), que resulta aplicable para todo proxecto ou operación financiado total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea (<http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>), como sinala a Comunicación 1/2017, de 6 de abril, do dito Servizo co obxectivo de que calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con car-





go a fondos procedentes da Unión Europea, podan poñelos en coñecemento do devandito Servizo.

A subvención regulada neste convenio será compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entidade, pública ou privada. Deberá quedar, en todo caso, identificada nitidamente a trazabilidade dos gastos. Con todo, estas subvencións son incompatibles coa recepción doutros fondos comunitarios para a execución dos mesmos proxectos, non podéndose incorrer en dobre financiamento.

Conforme ao artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, os proxectos financiados polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia poden recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión sempre que dita axuda non cubra o mesmo custo que os que xa financie a subvención deste programa. O beneficiario deberá comunicar á Administración que conceda a subvención a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade sen incorrer en dobre financiamento sobre o mesmo custo, procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos, nacionais ou internacionais.

Novena.- Disponibilidade dos resultados e conclusións das actuacións realizadas.

O diversos datos, análises, estudos estatísticos e participativos e as conclusións e determinacións orientativas resultantes en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración, será de uso e titularidade común polas partes asinantes.

Así mesmo, calquera dereito de propiedade industrial e intelectual sobre o material que resulte das actuacións do presente convenio será de titularidade conxunta das partes asinantes, de xeito que ningunha poida facer uso dos citados dereitos coa oposición de calquera dos asinantes.





Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada polas partes asinantes, non obstante a Consellería, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

Décima.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Emprego e Igualdade ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculado á mesma, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Décimo primeira.- Modificación e resolución do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención instrumentalizada no presente convenio dará lugar á súa modificación, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, e no regulamento da dita lei; e, en particular cómpre estar ao disposto no artigo 31. 4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, segundo o cal *“Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira”*.

En canto as causas de resolución do convenio, serán as seguintes:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.





- As modificacións das directrices de desenvolvemento sen contar coa previa autorización escrita da Consellería de Emprego e Igualdade.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Ademais disto, o incumprimento total dos fins do convenio, a non realización das actividades previstas ou o incumprimento da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da contía xa percibida.

Calquera outro incumprimento parcial dos fins do convenio ou da obriga de xustificación, dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro ao Tesouro da Xunta de Galicia das contías xa aboadas na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que esta dispuxese.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a subscrición do convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía contemplada no presente convenio.

Décimo segunda.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión paritaria de seguimento que estará integrada, por parte da Consellería de Emprego e Igualdade, por dous funcionarios da Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, e dúas persoas por parte da Fundación.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.





Décimo terceira.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e rexerese polas súas propias cláusulas. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para entender dos litixios que puideran xurdir.

En todo o non sinalado estarase ao previsto pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009 e polas demais normas de dereito administrativo aplicables.

Décimo cuarta.- Autorización e publicidade

A Fundación autoriza á Consellería de Emprego e Igualdade a obtención de forma directa da acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

Así mesmo, as partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Décimo quinta.- Protección de datos.

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das





persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica de Protección de Datos, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décimo sexta.- Vixencia

O presente Convenio terá vixencia dende a súa sinatura e ata o 30 de decembro de 2022 e poderá prorrogarse de común acordo por ambas partes.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican, por duplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento

A Conselleira de Emprego e Igualdade



M^a Jesús Lorenzana Somoza

Pola Fundación Juana de Vega



Enrique Sáez Ponte

Fundación
Juana de Vega



ANEXO

PROVINCIA DE A CORUÑA

Áreas delimitadas para os Polos de emprendemento	Comarcas	Mapa
<p>Costa da Morte</p>	<p>A BARCALA BARBANZA BERGANTIÑOS (excepto os Concellos de Carballo e A Laracha, por ter máis de 30.000 habitantes e estar incluído noutra zona, respectivamente) FISTERRA MUROS NOIA T. DE SONEIRA XALLAS</p>	
<p>Rías Altas e Arco Ártico</p>	<p>A CORUÑA (excluídos aqueles que superan os 30.000 habitantes Oleiros e A Coruña) BETANZOS EUME (excluídos aqueles que superan os 30.000 habitantes Ferrol e Narón) FERROL ORTEGAL E o Concello de A LARACHA (comarca de BERGANTIÑOS)</p>	





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE



Xacobeo 21·22



ESPAÑA PUEDE




Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

ANEXO

PROVINCIA DE A CORUÑA

Terras de Santiago

**ORDES
ARZÚA
TERRA DE MELIDE
O SAR**
*SANTIAGO, quedando ex-
cluido o Concello de San-
tiago de Compostela por
ter máis de 30.000 habi-
tantes*



Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU



ANEXO

PROVINCIA DE OURENSE

Áreas delimitadas para os Polos de emprendemento

Comarcas

Mapa

Depresións Ouren-sáns e Terras do Sil

A LIMIA
BAIXA LIMIA
TERRA DE CALDELAS
TERRA DE TRIVES
VERÍN
VIANA



Miño Central




ALLARIZ-MACEDA
O CARBALLIÑO
O RIBEIRO
OURENSE
(Ourense capital está excluído por superar os 30.000 habitantes)
TERRA DE CELANOVA



Valdeorras

VALDEORRAS



ANEXO		
PROVINCIA DE LUGO		
Áreas delimitadas para os Polos de emprendemento	Comarcas	Mapa
As Mariñas	A MARIÑA CENTRAL A MARIÑA OCCIDENTAL A MARIÑA ORIENTAL	
Lugo Central	LUGO (Lugo capital está excluido, por ter máis de 30.000 habitantes) TERRA CHÁ A ULLOA SARRIA	
Lugo Sur	CHANTADA TERRA DE LEMOS	





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE



Xacobeo 21-22



ESPAÑA PUEDE



Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

Montaña Lucense

MEIRA
A FONSGRADA
OS ANCARES
QUIROGA



8



Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU



ANEXO

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Áreas delimitadas para os Polos de emprendemento

Comarcas

Mapa

Pontevedra leste e sur

PONTEVEDRA
(excepto os concellos de Barro, Poio, Pontevedra e Vilaboa)
VIGO
(excepto Baiona, Ni-grán, Redondela e Vigo)
O BAIXO MIÑO
O CONDADO
A PARADANTA
TABEIRÓS-TERRA DE MONTES (excepto A Estrada)



Pontevedra Norte e Rías Baixas

DEZA
CALDAS
O SALNÉS
(excluído o concello de Vilagarcía de Arousa que supera os 30.000 habitantes)
Inclúense os concellos de A ESTRADA (comarca de Tabeirós-Terra de Montes) e BARRO, para manter a integridade territorial.

